

CORNELIO

Texto e ilustracións de LEO LIONNI

Tradución de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ

Encadernado en cartón. 22 x 27,5 cm. 36 páx. 16 €.

Cornello (galego)

ISBN 978-84-8464-451-4. Tras os montes.

Cornello (castelán)

ISBN 978-84-8464-452-1. Clásicos contemporáneos.

En Cornèlius (catalán)

ISBN 978-84-16804-66-5. Clàssics contemporanis.

Kornello (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-084-3. Gaur egungo klasikoak.

Cornelius (portugués)

ISBN 978-989-749-115-3. Clássicos contemporáneos.

Cando romperon os ovos,

os crocodilos reptaron ata a beira do río.

Mais Cornelio ergueuse e foi o único

que camiñou sobre as súas patas traseiras...

A historia de Cornelio, como todas as obras de Leo Lionni,

invita a pensar e a aprender importantes leccións vitais.

O valor da diferenza, a comprensión e o respecto a quen non actúa

segundo as convencións establecidas, ademais do esforzo

que precisa a aprendizaxe, reflíctense neste clásico

da literatura infantil.

O crocodilo que protagoniza este conto é o único

da súa comunidade que camiña ergueito. Dende esa posición

consegue ver o que os seus semellantes non perciben

desprazándose a rentes do chan. Pero eles non lle dán

importancia á amplitude de miras nin ás vantaxes

de evolucionar. Fronte ao conformismo alleo, Cornelio aspira

a perseverar aprendendo das habilidades doutros animais,

que se amosan contentos de axudalo.



A nivel estético, Leo Lionni emprega as técnicas da collage

e das manchas de cor que xa están presentes en títulos

tan emblemáticos como "Nadarín" e "Paso a paso". Son obras

nas que o mundo natural é recreado con dinamismo, riqueza

cromática e luminosidade.



■ **Temática:** a diferenza, a perseverancia, a aprendizaxe.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** clásico da literatura infantil de todos os tempos; técnica da collage e das manchas de cor; do autor de "[Frederick](#)", "[A casa máis grande do mundo](#)", "[Nadarín](#)", "[Paso a paso](#)", "[Pequeno Azul e Pequeno Amarelo](#)", "[O soño de Matías](#)", "[Álex e o rato de corda](#)" e a serie "[Cores](#)" e "[Números](#)" (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/cornelio-g>

Leo Lionni

(Amsterdam, Holanda, 1910 - Toscana, Italia, 1999)

Leo Lionni creceu nun ambiente artístico -a súa nai foi cantante de ópera, e o seu tío Piet, un afeccionado á pintura- e dende moi novo soubo que ese sería o seu destino. En cambio, a súa formación non foi artística, xa que se doutorou en Economía. En 1931 instalouse en Milán e entrou en contacto co deseño gráfico. Cando se trasladou a América en 1939, traballou nunha axencia de publicidade de Filadelfia, na Corporación Olivetti e na revista Fortune. Tamén medrou a súa reputación como artista e os seus cadros exhibíanse nas mellores galerías, dende Estados Unidos a Xapón. Como el mesmo dixo: "*Dalgún modo, nalgún lugar, a arte expresa sempre os sentimentos da infancia*". O seu primeiro libro para nenos non chegou ata 1959, e xurdiu case por casualidade: durante unha viaxe en tren ocorrúeselle entreter os seus netos cun conto feito a base de anacos de papel de seda. Así naceu "Pequeno Azul e Pequeno Amarelo", ao que lle seguiron máis de 40 obras aclamadas en todo o mundo pola crítica especializada. Polos seus méritos como escultor, deseñador, pintor e ilustrador, recibiu en 1984 a Medalla de Ouro do Instituto Americano de Artes Gráficas.

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com